

**BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN DOS AUTÓNOMOS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRAS DE INTERESE XERAL NO MEDIO RURAL, PARA O ANO 2012, DO INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL.**

**Base 1. Obxecto.**

As presentes bases teñen como fin articular as axudas dirixidas a agrupacións de gandeiros, agrupacións de cidadáns ou asociacións sen ánimo de lucro para a realización de obras, creación, mellora e mantemento de infraestruturas básicas, así como, a adquisición de equipamento cuxo obxectivo sexa mellorar a calidade de vida e traballo das persoas que viven nestas áreas, evitando así a despoboación das zonas rurais.

A través da creación, mellora e mantemento de infraestruturas básicas, así como, coa adquisición de equipamento, preténdese mellorar os contornos do medio rural lugar onde se desenvolve a maior parte dos sectores agrícola e gandeiro base da economía da provincia de Lugo. De maneira indirecta e grazas a estas axudas xeraranse pequenas obras que serán contratadas, con carácter xeral, a autónomos, promocionando, por tanto, a este colectivo.

Non terán cabida, e polo tanto, non se poderán solicitar axudas para a adquisición de bens inmobles.

**Base 2. Réxime de concorrencia.**

As subvencións ás que se refiren as presentes bases convócanse en réxime de concorrencia competitiva.

**Base 3. Contía da subvención.**

A contía global destinada a esta actuación é a que figura no orzamento do Inludes, para a anualidade do presente ano 2012, e ascende á cantidade de 300.000,00€ (aplicación orzamentaria 41900.789), estando encadradas dentro da Área de Emprego, Economía Sostible e Demografía, da liña de actuación 4.1, denominada *Apoio ó desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e pesqueiro* do Plan Estratéxico de Subvencións do Inludes do ano 2012.

A contía de cada subvención individualmente concedida non poderá superar a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00€), así como o investimento para o que solicita a mesma, podendo alcanzar o 100% do importe do proxecto subvencionable, sempre que non supere o límite anteriormente establecido, tendo en conta que en último termo o conxunto de axudas para a mesma obra ou actuación non poderá superar en ningún caso o 100% do custo total da mesma con independencia da contía concedida por este Instituto.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta das subvencións concedidas.

Non se computarán como gastos subvencionables aqueles non reflectidos nas presentes bases nin aqueles que exclúa expresamente a lei.

**Base 4. Gastos subvencionables.**

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións, os gastos subvencionables conceptuaranse na forma e nas condicións establecidas no devandito artigo e, en concreto, serán subvencionables

aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada, e que resulten estritamente necesarios.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non será necesario que o gasto fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación para que este teña a consideración de gasto efectivamente realizado.

En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado. O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso coa enaxenación ou o gravame do ben, será causa de reintegro nos termos establecidos na Lei Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o artigo 31 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións en ningún caso serán gastos subvencionables os intereses debedores das contas bancarias; xuros, recargas e sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais. Os tributos serán gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os pague efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

#### **Base 5. Beneficiarios de subvencións.**

Poderán ser perceptores das subvencións, os colectivos de cidadáns que o soliciten sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- 1º.** Ser asociacións, agrupacións de gandeiros ou agrupacións de cidadáns sen ánimo de lucro (todas elas cun mínimo de 3 participantes no caso de non estar constituído con personalidade xurídica) que aínda carecendo de personalidade xurídica poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención.
- 2º.** Desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras en calquera zona rural da provincia de Lugo.

Non poderán obter a condición de beneficiarios das subvencións reguladas nas presentes bases as agrupacións de gandeiros, agrupacións de cidadáns ou asociacións que concorran nas circunstancias sinaladas no punto 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

#### **Base 6. Carácter da subvención.**

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, o Inludes, por medio da Comisión Executiva do mesmo, e como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, o Inludes, quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

### **Base 7. Dereitos e obrigas dos beneficiarios.**

A asociación ou agrupación beneficiaria da subvención terá os dereitos e obrigas seguintes, de conformidade co sinalado no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

- Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen ao Inludes a renuncia expresa no prazo máximo de 15 días, a partir da notificación de outorgamento, entenderase que a subvención é aceptada.
- Comunicar á Inludes (Servizo Xeral de Xestión), con unha antelación ao menos de 15 días, a data prevista de iniciación da actuación subvencionada, co obxecto de facilitarlles o cartel informativo indicador de que a mesma está sendo subvencionada polo Inludes, o cal que deberá constar na obra ou actuación durante todo o procedemento.
- Realizar a actuación para a que foi concedida a subvención, axustándose aos termos do proxecto.
- Acreditar perante este Instituto a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinaron a concesión da axuda.
- Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
- Os perceptores da subvención poderán contratar con terceiros a execución dos proxectos obxecto destas bases
- Someterse ás actuacións de seguimento, control e avaliación que puidera efectuar o Inludes para garantir a correcta aplicación da subvención, mediante os seus órganos de control económico- financeiro ou a través da contratación dun servizo externo de auditoría.
- Permitir en calquera momento a inspección e control do destino da subvención e o cumprimento dos fins para os que foi concedida. Para este efecto o beneficiario poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran co fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica.
- Comunicar a obtención doutras subvencións ou axudas económicas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais así como calquera variación nas circunstancias que fundamenten a concesión da subvención, tan pronto como se coñezan.
- Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presente bases.

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, os beneficiarios deberán destinar os bens ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscribibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Así mesmo deberá facerse constar expresamente o patrocinio do Inludes en todos os medios utilizados para a divulgación das obras subvencionadas.
- Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que está ao corrente das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de cantas outras poidan ser esixibles legalmente.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas Bases reguladoras da subvención, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. En todo caso, deberán dispor dos xustificantes das contas de gastos e pagamentos.
- As que con carácter xeral esixa a convocatoria e as disposicións legais de subvencións (Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia).

**Base 8. Solicitudes; presentación das mesmas e prazos, lugar de presentación e órgano ao que se dirixe a petición. Documentación a presentar polas asociacións e outras entidades con personalidade xurídica, ou colectivos de cidadáns.**

O órgano competente para a convocatoria do procedemento será o Ilmo. Sr. Presidente do Inludes, a devandita convocatoria incluírá o prazo que se conceda para a presentación de solicitudes. A convocatoria será publicada no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web da entidade.

As agrupacións e asociacións interesadas deberán solicitar a subvención dentro do prazo que se sinala na convocatoria, podéndose formalizar en impreso normalizado establecido ao efecto.

Un exemplar da solicitude, xunto coa documentación que se acompañe, presentarase no Rexistro Xeral do Inludes (de luns a venres de 09:00a 14:00), preferentemente, quedando o outro exemplar en posesión dos interesados, e serán dirixidas ao Ilmo. Sr. Presidente do Inludes. Así mesmo poderán facelo por calquera dos medios previstos no

artigo 38.4 da Lei 30/92 de 26 de novembro e a Lei 4/99 de modificación da anterior, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

As solicitudes deberán ir acompañadas, **en orixinal ou copia compulsada**, da seguinte documentación:

1º) Documentación común a todos os solicitantes:

- a) Solicitud. Anexo I
- b) Proxecto concreto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento. Anexo III
- c) Sistemas de seguimento e autoevaluación da execución do proxecto, de acordo co sinalado ao efecto na convocatoria. Anexo III
- d) Declaración responsable das subvencións recibidas de institucións públicas ou privadas para o mesmo proxecto. Anexo IV
- e) Declaración do representante legal da entidade de non encontrarse inhabilitado para contratar coas Administracións Públicas ou para obter subvención das mesmas e de encontrarse facultado para actuar no nome da entidade. Anexo IV
- f) Declaración baixo xuramento de non ser debedor da Facenda Pública Estatal, Autonómica, Provincial e do Inludes, e de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social. Anexo IV
- g) Declaración baixo xuramento de estar ao corrente de todo tipo de obrigacións fiscais. Anexo IV
- h) Copia do CIF, da entidade solicitante da subvención acompañada do Anexo V
- i) Certificado da conta bancaria expedida pola entidade financeira a que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

2º) No suposto de agrupacións de gandeiros ou agrupacións de cidadáns que, carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo proxectos, actividades ou se encontren na situación que motiva a concesión da subvención e conte cun mínimo de 3 membros, presentarán **ademais**:

- a) Datos persoais do representante do colectivo (nome e apelidos, fotocopia do DNI ou NIF, domicilio, teléfono, etc.).
- b) Relación nominal, coa súa aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto, así como denominación do colectivo. Anexo VII

- c) Certificado da conta bancaria mancomunada con tres titulares cando menos, expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

**Base 9. Criterios de adxudicación.**

A concesión da subvención e contía das mesmas rexeráse por orde decrecente de importancia, tendo en conta a ponderación que se lles atribúa, segundo os seguintes criterios obxectivos:

- a) Inexistencia ou insuficiencia de cobertura pública ou privada para dar satisfacción real á necesidade á que se dirixen.
- b) A información dispoñible no Inludes sobre a situación e necesidade de actuacións, así como as prioridades nos proxectos presentados, en relación cos sectores de poboación destinatarios, na respectiva convocatoria na zona na que desenvolverá a actuación.
- c) Número de beneficiados pola obra ou actuación prevista.
- d) Viabilidade do proxecto e do plan orzamentario.
- e) A adecuación do custo das actuacións e a participación dos solicitantes no financiamento da mesma.
- f) Que as actuacións proxectadas teñan un marcado interese comunitario de forma que reforcen a estrutura social e supoñan un beneficio colectivo para o interese de todos os cidadáns da zona de actuación.

A concesión de subvencións está limitada pola dotación económica da convocatoria, polo que unha vez esgotada a mesma procederáse á denegación, tendo en conta a valoración das solicitudes segundo os criterios de adxudicación.

**Base 10. Comisión de Valoración.**

A avaliación das solicitudes efectuarase por unha Comisión de Valoración presidida polo Ilmo. Sr. Presidente do Inludes ou persoa en quen delegue, a Vicepresidenta 2ª e Delegada de Emprego, Economía Sostible e Demografía ou persoa en quen delegue, catro vogais e un Secretario. A Comisión poderá estar asistida por expertos técnicos.

Así mesmo a Comisión poderá dispor a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude.

Corresponde á Comisión de Valoración formular a proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, expresando os criterios de valoración seguidos para efectualas.

A Comisión de Valoración poderá propoñer á Comisión Executiva do Inludes o prorrateo do importe do crédito dispoñible para as axudas, entre todas ou parte das solicitudes que cumpran os criterios establecidos, tendo en conta o baremo, e no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atender ás mesmas.

Na proposta de concesión que formule a Comisión de Valoración figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención. Así mesmo indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible recollido nestas bases, facendo constar de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes, se é o caso.

**Base 11. Resolución.**

Será competente para resolver as solicitudes de subvención a Comisión Executiva do Inludes. O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención será de tres meses contados a partir do día da conclusión do prazo establecido na convocatoria para presentalas e o silencio da administración terá carácter desestimatorio.

Non se concederá subvención algunha ata que non se xustifiquen adecuadamente subvencións anteriores, polos posibles beneficiarios.

**Base 12. Prazos de execución.**

O prazo máximo de execución da obra ou comportamento subvencionado será o **15 de novembro de 2012**. En casos excepcionais, a asociación ou agrupación beneficiaria, poderá solicitar unha ampliación do prazo sempre que a actividade, acción ou comportamento a xustificar non concluíra pola propia natureza da mesma, ou causas xustificadas alleas aos beneficiarios, sendo a súa resolución adoptada pola Presidencia do Inludes. En todo caso, a solicitude de ampliación do prazo de execución obra ou comportamento subvencionado debera facerse con data máxima de 15 de novembro de 2012, que no caso de ser concedida non superará a data límite de 15 de decembro de 2012.

**Base 13. Xustificación das subvencións, prazos, reducións, e requisitos que haberán de reunir as facturas**

As agrupacións de gandeiros, agrupacións de cidadáns ou asociacións perceptoras destas subvencións, deberán xustificar, en todo caso e, se é preciso, a requirimento dos servizos técnicos competentes, a aplicación dos fondos percibidos, con data **límite de 30 de novembro de 2012**. No suposto de que, as agrupacións de gandeiros, agrupacións de cidadáns ou asociacións perceptoras da subvención tiveran outorgado ampliación de prazo para a súa execución, a xustificación será no prazo de dez días naturais dende a finalización da ampliación.

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fora presentada ante este Instituto, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de dez días naturais sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención.

A rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario.

O importe total que deberá executarse será como mínimo igual ao orzamento que consta no correspondente expediente da petición. En todo caso, o importe da subvención deberá xustificarse, obrigatoriamente, mediante

facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa ou mediante certificación de obra expedida por un técnico competente.

No suposto de que, a citada xustificación non cumprira co sinalado no parágrafo anterior, procederase ao reaxuste do importe da subvención, minorando a mesma.

O órgano competente disporá da confección dun informe técnico acerca do grado de cumprimento dos fins para os cales se concedeu a subvención e a adecuación aos mesmos dos gastos realizados, de conformidade con o que se estableza, en cada caso, na convocatoria.

Para a acreditación do proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentarse:

- a) Memoria da actividade xustificativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade conforme as condicións impostas na resolución, con expresa mención dos resultados obtidos, deducidos da aplicación dos sistemas de seguimento e autoavaliación propostos coa solicitude.
- b) Certificación, expedida polo receptor de que foi cumprida a finalidade para a cal se outorgou a subvención, conforme ao proxecto presentado.
- c) Memoria económica xustificativa do custo total da actividade subvencionada dos gastos realizados que se axustará aos seguintes requisitos:
  - I. Relación clasificada polo importe total dos gastos da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
  - II. O importe total da subvención concedida deberá xustificarse mediante as correspondentes facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, ou certificacións de obra, expedidas por un técnico coa titulación competente, na que figure, así mesmo, a empresa executora das mesmas. As facturas orixinais, que serán diligenciadas polo servizo responsable da subvención, poderán ser devoltas aos interesados que o soliciten, no seu caso, á maior brevidade posible. Nas facturas deixarase constancia de que foron utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente. En todo caso, as facturas estarán datadas no exercicio económico para o cal foi concedida a subvención.
- d) Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- e) Declaración da existencia, no lugar onde radique a obra subvencionada, de cartel indicativo da mesma, o cal lle será facilitado polo Inludes.



- f) Acreditar, mediante certificación expedidas ao efecto polos Organismo correspondentes, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e Comunidade Autónoma); Seguridade Social, Deputación e Inludes (este último consultarase de oficio).
- g) Dato dunha conta bancaria mancomunada con tres titulares cando menos, de ser colectivos de cidadáns sen personalidade xurídica, ou da conta da asociación de estar esta legalmente constituída, expedida pola entidade bancaria.
- h) Declaración baixo xuramento e á súa responsabilidade, do representante da asociación/agrupación, de:
  - I. Que os investimentos en materiais e prestacións relacionados no documento de clasificación de gastos subvencionables, foron empregados nas obras.
  - II. Que, en ningún caso, o custo da adquisición dos gastos subvencionables foi superior ao valor do mercado.
  - III. Que o importe da subvención ou axuda económica, obtida do Inludes, non superou, illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción realizada.
  - IV. Que non existiu alteración durante a realización da obra, das condicións tidas en conta, para a concesión da subvención outorgada.
  - V. Que o beneficiario asumiu o custo sobre o IVE, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- i) Declaración baixo xuramento e á súa responsabilidade, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, de que os mesmos serán destinados ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por un período non inferior a cinco anos, no caso de bens inscribibles no rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.

#### **Base 14. Pago da subvención.**

O pago da subvención realizarase, previa xustificación polo beneficiario da realización do proxecto para o que se concedeu e dos informes correspondentes dos servizos do Inludes, unha vez aprobada a conta xustificativa. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Non se poderá realizar o pago da subvención mentres o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

#### **Base 15. Réxime xurídico.**

En todo o non contemplado nestas bases estarase ao disposto en:

- a) A Lei estatal 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Real Decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.

- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- d) A Ordenanza Xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005.
- e) O Regulamento Orgánico do Inludes.
- f) Bases de Execución do Orzamento do Inludes vixentes no momento da concesión.

Lugo, 30 de xullo de 2012

O Presidente  
P.D.Decreto nº453/2012, de data 24/05/2012  
A Vicepresidenta

O Secretario

Asdo.: Lara Méndez López

José Antonio Mourelle Cillero

Número expediente

(a cubrir polo INLUDES)



**INLUDES**  
INSTITUTO LUCENSE DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL

SELO DE REXISTRO

## PROMOCIÓN DOS AUTÓNOMOS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRAS DE INTERESE XERAL NO MEDIO RURAL, PARA O ANO 2012

### ANEXO I: SOLICITUDE

#### DATOS DO SOLICITANTE:

DENOMINACIÓN DA ASOCIACIÓN/AGRUPACIÓN [REDACTED]	CIF/NIF (SE O TEN) [REDACTED]	CONCELLO
DENOMINACIÓN DA OBRA OU ACTUACIÓN		

#### DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME [REDACTED]	APELIDOS [REDACTED]	CIF/NIF [REDACTED]
CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO MÓBIL/FIXO
CORREO ELECTRÓNICO @	FAX	

#### DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO [REDACTED]	CÓDIGO POSTAL [REDACTED]	
CONCELLO [REDACTED]	PROVINCIA [REDACTED]	TELÉFONO [REDACTED]

**SOLICITA** a subvención para a promoción dos autónomos a través da realización de obras de interese xeral no medio rural, para o ano 2012 e **DECLARA** que todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos

[REDACTED], a [REDACTED] de [REDACTED] de 2012

Asdo.: [REDACTED] (Nome e apelidos e sinatura do representante)

#### NOTA INFORMATIVA – PROTECCIÓN DE ACCESO A DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, se lle informa que os datos persoais recollidos nesta solicitude de subvención o axuda económica, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade de xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na Lei, dirixindo un escrito ao Inludes.

## **ANEXO II AUTORIZACIÓN DE ACCESO A DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_  
concello \_\_\_\_\_ na súa calidade de representante legal da asociación/agrupación  
\_\_\_\_\_ manifesta o seu consentimento inequívoco ao  
tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de  
decembro, de protección de datos de carácter persoal, recollidos no presente expediente de solicitude de  
subvención para a execución da obra o realización da actuación denominada:  
\_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura do representante)

### **ANEXO III: MEMORIA SOLICITUDE**

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_  
concello \_\_\_\_\_ na súa calidade de representante legal da asociación/grupación  
\_\_\_\_\_ ao amparo das bases reguladoras das subvencións, en  
réxime de concorrencia competitiva para a promoción dos autónomos a través da realización de obras de interese  
xeral no medio rural, para o ano 2012 SOLICITO unha subvención para a realización da seguinte actuación:

#### **DATOS DO PROXECTO:**

DESCRIPCIÓN DA OBRA/PROXECTO A REALIZAR E MELLORAS A ACADAR		
[REDACTED]		
ZONA DE ACTUACIÓN		
[REDACTED]		
CONCELLO	PROVINCIA	Nº DE PERSOAS BENEFICIARIAS
[REDACTED]		
ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS*		
[REDACTED]		
IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA*		
[REDACTED]		
ACHEGA DA ASOCIACIÓN/AGRUPACIÓN*		
[REDACTED]		

(\*) SE POÑERÁ EN LETRA E NÚMERO.

- Achego proxecto ou memoria valorada, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento.
- Ademais manifesto que os sistemas de seguimento e autoavaliación da execución da actuación a realizar denominada: \_\_\_\_\_ serán os seguintes:

[REDACTED], a [REDACTED] de [REDACTED] de 2012

Asdo.: [REDACTED] (Nome e apelidos e sinatura do representante)

## ANEXO IV: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_  
concello \_\_\_\_\_ na súa calidade de representante legal da asociación/agrupación  
\_\_\_\_\_ que en relación coa actuación a realizar denominada  
\_\_\_\_\_

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

- 1.- Que non estou incurso eu nin a asociación/agrupación que represento en causa de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións das Administracións Públicas.
- 2.- Que me encontro facultado para actuar no nome da asociación/agrupación que represento, de conformidade cos acordos adoptados ao efecto.
- 3.- Que tanto eu como a asociación/agrupación que represento achámonos ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como non temos pendente de pagamento ningunha débeda coa Facenda Pública, Autonómica, Deputación Provincial e o INLUDES.
- 4.- Estar ao corrente de todas as obrigacións fiscais.
- 5.- Que: **(marcar unha opción)**

non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas para a mesma finalidade

ter solicitado ou percibido axudas e/ou subvencións dos organismos que se mencionan a seguir:

<i>CONVOCATORIA</i>	<i>ORGANISMO</i>	<i>DATA</i>	<i>SOLICITADA/ CONCEDIDA/PAGADA</i>	<i>IMPORTE</i>

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura do representante)

## **ANEXO V: DOCUMENTACIÓN**

### **DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA, NO CASO DE TER PERSONALIDADE XURÍDICA**

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_

domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

concello \_\_\_\_\_ representa á asociación/agrupación denominada

\_\_\_\_\_ acompaña os seguintes documentos:

- Copia do C.I.F da entidade que represento, solicitante da subvención.
- Certificación da entidade bancaria, expedida por persoa autorizada da mesma, da conta na que se procederá, no seu caso, ao ingreso da correspondente subvencións, unha vez tramitada a documentación xustificativa presentada.

Nota.- Poderanse aportar aqueles outros que se consideren convenientes (estatutos da entidade, acordos, etc.).

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura do representante)

## ANEXO VI: DOCUMENTACIÓN

### DOCUMENTACIÓN PARA AS AGRUPACIONES QUE CAREZCAN DE PERSONALIDADE XURÍDICA

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_  
domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_  
concello \_\_\_\_\_ representa á asociación/agrupación denominada  
\_\_\_\_\_ acompañe os seguintes documentos:

- Relación nominal, con su aceptación expresa, das persoas que integran o proxecto e documento de constitución (cubrirase o documento **ANEXO VII**).
- Fotocopia dos DNI de tódolos integrantes da agrupación, incluído o do representante.
- Certificación bancaria da agrupación, expedida por persoa autorizada da mesma, da conta na que se procederá, no seu caso, ao ingreso da correspondente subvención, unha vez tramitada a documentación xustificativa presentada, “mancomunada con ao menos tres titulares”.

Nota.- Poderanse aportar aqueles outros que se consideren convenientes (estatutos da entidade, acordos, etc.).

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura do representante)



## Anexo VII: RELACIÓN NOMINAL

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA PARA AS AGRUPACIÓNS QUE CAREZCAN DE PERSONALIDADE XURÍDICA

Pola presente DECLARASE que

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_

domicilio en \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

concello \_\_\_\_\_ representa á agrupación denominada

\_\_\_\_\_ integrado polas persoas que a continuación se relacionan, asumindo todos a condición de beneficiarios da subvención.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2012

Asdo.: \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos e sinatura do representante)

Así mesmo, os abaixo asinantes, declaran non se achar incursos en ningún dos supostos considerados no artigo 13, da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. (xuntar fotocopia do DNI dos integrantes)

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_.

Domicilio \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

concello \_\_\_\_\_ .

(sinatura)

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_.

Domicilio \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

concello \_\_\_\_\_ .

(sinatura)

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_.

Domicilio \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_

concello \_\_\_\_\_ .

(sinatura)